

Programa: A cooperativa alternativa de emprego para a mocidade galega
Curso de teleformación: Desenvolvendo a idea cooperativa

[En colaboración coa Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	17/07 – 02/08/2023	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	Haberá 2 sesións virtuais de aprendizaxe os días 18 de xullo e 1 de agosto en horario de 11:00 a 12:30hs. Os horarios de titoría serán de 13:30 a 15:00hs.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	A través de www.aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	TELÉFONO	697877773
		E-MAIL	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRTE Preme aquí

OBXECTIVOS

- Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- Elaborar conxuntamente o prototipo do proxecto.
- Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver, calendario de actuacións.

PROGRAMA E CONTIDOS

Acción 3 : Desenvolvendo a idea cooperativa

Módulo 1.- Identifica o teu proxecto cooperativo.

Módulo 2.- Analiza as áreas comercial e de mercado.

Módulo 3.- Estuda a viabilidade económica e financeira.

Módulo 4.- Planifica a área organizativa e os trámites de constitución.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

Na modalidade de teleformación, o tempo de estudo ten diferentes obxectivos: hai unhas horas que son as sesións virtuais de aprendizaxe, outras horas que serán as que o alumnado utilice para ler os contidos que estarán ao seu dispor na plataforma: estudar materiais, revisar webgrafía, visionar os vídeos, un tempo para a participación nos foros, titoría coa docente e, finalmente, un tempo para a avaliación, e dicir realizar e enviar as tarefas que se piden no curso, enviárllelas á titora e revisar a súa retroalimentación.

Haberá **dúas sesións virtuais de aprendizaxe** co obxectivo de poder complementar os contidos teóricos do curso coa realización de actividades prácticas e dinámicas.

DIRIXIDO A

Ás persoas mozas, tanto desempregadas como emprendedoras, ou incluso ocupadas e con interese en desenvolver un proxecto de emprendemento cooperativo. Darase prioridade a aquelas que se atopen en situación de risco de exclusión.

Mínimo 10 persoas e máximo 20. O número de persoas mínimo que deben asistir ao curso será de 10, e polo menos o 70% do alumnado terá unha dedicación mínima do 80% nas actividades do curso.